

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 11 de novembro de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao abeiro das liñas ICO 2009, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as entidades financeiras.

Mediante Resolución do 7 de abril de 2009 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao abeiro das liñas ICO 2009, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as entidades financeiras (DOG nº 73, do 17 de abril).

As ditas bases foron modificadas mediante Resolución do 22 de xullo de 2009 (DOG nº 151, do 4 de agosto).

Considerando que os apoios referidos se orientaron a aqueles sectores de actividade relacionados no anexo, o cal foi elaborado con base no CNAE 2009,

e que no proceso de xestión das axudas se comprobou que certas actividades no quedaron reflectidas na citada relación, o Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 20 de outubro de 2009, decidiu modificar a dita relación de actividades.

Por todo o anterior, e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación das bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO), ao abeiro das liñas ICO 2009, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as entidades financeiras (DOG nº 73, do 17 de abril) no seguinte sentido:

Substitúese a relación de actividades do anexo a que se fai referencia no artigo 3.1.2 da Resolución do 7 de abril de 2009, pola relación que se achega con esta resolución.

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

ANEXO

Actividades incentivables convenio Igape-ICO 2009

Sector	CNAE 2009	Actividade	Observacións
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	01.19	Outros cultivos non perennes	
	01.30	Propagación de plantas	
	01.41	Explotación de gando bovino para produción de leite	
	01.46	Explotación de gando porcino	
	01.47	Avicultura	
	01.6	Actividades de apoio á agricultura, á gandería e de preparación posterior da colleita	
	02	Silvicultura e explotación forestal	
	03.	Pesca e acuicultura	Agás adquisición ou contrución de buques
	08.1	Extracción de pedra, area, arxila	
	Industria manufacturera	10.	Industria da alimentación
11.		Fabricación de bebidas	
13.		Industria téxtil	
14.		Confección de pezas de vestir	
15.		Industria do coiro e do calzado	
16.		Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	
17.		Industria do papel	
18.		Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
20.		Industria química	
21.		Fabricación de produtos farmacéuticos	
22.		Fabricación de produtos de caucho e plásticos	
23.		Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	
24.		Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaleaxes	
25.		Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	
26.		Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos.	
27.		Fabricación de material e equipo eléctrico	
28.		Fabricación de maquinaria e equipamento N.C.O.P	
29.		Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	
30.		Fabricación doutro material de transporte	
31.		Fabricación de mobles	
32.		Outras industrias manufactureiras	
33.		Reparación e instalación de maquinaria e equipo	

Sector	CNAE 2009	Actividade	Observacións
Construción	41.	Construción de edificios	Só bens de equipamento
	42.	Enxañaría civil	Só bens de equipamento
	43.	Actividades de construción especializada	Só bens de equipamento
Comercio	45.	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	
	46.	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor e motocicletas	Agás 46.1.
	47.	Comercio polo miúdo, agás vehículos de motor e motocicletas	
Transporte e almacenamento	49.	Transporte terrestre e por tubaxe	Agás elementos de transporte
	50.	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	
	51.	Transporte aéreo	Agás 51.22
	52.10	Depósito e almacenamento	
Hostalaría	52.22	Actividades anexas ao transporte marítimo e por vías navegables interiores	
	55.	Servizos de aloxamento	
Información e comunicacións	56.1	Restaurantes e postos de xantar	Exclusiv. 2 ou máis garfos
	58.	Edición	
Servizos auxiliares	59.	Actividades cinematográficas, de vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical	
	60.	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	
	61.	Telecomunicacións	
	62.	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática	
	63.	Servizos de información	
	72.	Investigación e desenvolvemento	Agás sector carbón
	73.	Publicidade e estudos de mercado	
	74.	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	
	81.2	Actividades de limpeza	
	81.3	Actividades de xardinaría	
95	Reparación de ordenadores, efectos personais e artigos de uso doméstico		

Nota: entenderanse recollidas, aquelas actividades que estivesen relacionadas nas bases reguladoras do ano 2008 e que , por erro, non figuren nesta relación.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 16 de novembro de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 236, do 4 de decembro).

Nas sesións que tiveron lugar os días 3 e 12 de novembro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2009 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.

I. Sistema de promoción interna:

Un. Modificar no modelo de respostas publicado a contestación ás preguntas número 22, 30, 40, 46, 47, 58 e 80, de maneira que as respostas correctas son as letras d), d), b), d), c), d) e d), respectivamente.

II. Sistema de acceso libre:

Un. Modificar no modelo de respostas publicado a contestación as preguntas número 25, 31, 40, 46, 47,

58 e 80, de maneira que as respostas correctas son as letras a), d), b), d), c), d) e d), respectivamente.

Dous. Anular as preguntas 1 e 9, que pasan a ser substituídas polas preguntas de reserva 81 e 82, respectivamente.

De conformidade co disposto na base II.1.4.6 da convocatoria, contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Terceiro.-Que, de acordo co establecido na base II.1.1.1 da orde da convocatoria, o número total de respostas acertadas para obter a cualificación de aprobado (10 puntos) é para o sistema de promoción interna de corenta e catro (44) e para o sistema de acceso libre, once (11).

Cuarto.-Realizar os trámites oportunos para publicar as puntuacións obtidas polos/polos aspirantes que se presentaron ao primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións